



MUSEO LISTE
ETNOGRÁFICO DE VIGO
E C.A.T.
1º TRIMESTRE 2018



MUSEO LISTE – ETNOGRÁFICO DE VIGO

EXPOSICIÓN PERMANENTE

Percorrido por diversas salas temáticas:

Simboloxía dos oficios.

Os tecidos.

Peche.

A madeira escavada.

A luz.

A arte de curar.

A materialidade da fe.

O centeo.

A rotulación dos contidos permite a realización de percorridos autónomos.

VISITAS GUIADAS: para grupos previa solicitude. Para o público en xeral, os percorridos guiados realizaranse os sábados ás 11:30 h.



EXPOSICIÓN TEMPORAIS

RETRATO IMPERMANENTE

Roberto González Alves, a través da dialéctica natureza-arte, amosa unha reflexión sobre a natureza e a súa observación.

Un vocabulario estético baseado no emprego de elementos naturais vai permitir contemplar a obra baixo a sensación de estar viva e sintetizar o que a paisaxe quere dicir.

A obra recolle algunhas das características da estética e experimentación en torno a Wabi-Sabi; sinxeleza e intimidade que suxire un proceso natural.

Lugar: Sala de exposicións temporais do Museo.

Datas: do 25 de xaneiro ata o 28 de febreiro.

Entrada gratuíta.



ACTIVIDADES CÍCLICAS

ENTROIDO: CON “Z” DE MÁZCARA.

Continuando cos monográficos sobre os Entroidos tradicionais, esta ano a actividade xirará arredor da “Mázcara”, principal personaxe do Entroido de Manzaneda (Ourense).

Contará con:

- Parte teórica: introdución ao Entroido tradicional e ao de Manzaneda coas súas “Mázcaras”.
- Parte práctica: obradoiro de confección dun pucho de “Mázcara”.

Lugar: sala didáctica do Museo

Datas: 6, 7, 8, 9, 13 e 14 de febreiro.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: grupos de Educación Infantil (5 anos), Primaria e E.S.O., previa solicitude (50 nenos/as máximo).

Prezo: 1 euro por participante.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

MAXIA E MENCIAÑA NAS ÁRBORES

Moitas son ás árbores que amais de provernos de materiais para a fabricación de apeiros e para a construción, atesouran outras cualidades vencelladas coa curación e coa maxia.

Lugar: sala da madeira escavada.

Datas: durante todo o ano.

Duración: inserta no percorrido habitual polo Museo.

Dirixido a: todos os públicos.



A MADEIRA

A importancia e versatilidade da madeira obrigan a coñecer aspectos relevantes como tipos e uso que dela fai o ser humano.

Lugar: sala da madeira escavada.

Datas: durante todo o ano.

Duración: inserta no percorrido habitual polo Museo.

Dirixido a: grupos de nenos/as de E. Infantil e Primaria.

Estas actividades están pensadas para ser incluídas nos percorridos guiados para grupos

TALLERES DE COÑECEMENTO

INSTRUMENTOS HUMILDES

Coñecemento dos múltiples recursos susceptibles de orixinar sons musicais.

Lugar: salas do Museo ou xardín circundante.

Datas: todo o ano.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: grupos de todas as idades previa solicitude (máximo 50).

Soporte didáctico: instrumentos e monitor guía.

Monitor: Erica Iglesias Neira.

Prezo do taller: 40 euros/grupo.



ACTIVIDADES ESPECIAIS

ONDE ESTÁN AS CHAVES?

O pasado mes de novembro iniciamos esta actividade tendente a visitar o Museo dun xeito distinto. Pensada para aqueles grupos que desexen coñecerlo conxugando coñecemento e diversión.

Visita interactiva salientando os aspectos mais destacables de cada sala e as pezas mais senlleiras. Elas serán o fío condutor que nos guiará ata o obxectivo final utilizando capacidades dedutivas, memoria e habilidades.

Datas: durante todo o ano.

Duración: 90 minutos.

Dirixido a: grupos de Educación Primaria e Secundaria previa solicitude.

Prezo: 1 euro/persoa.

ENCAIXANDO ANACOS

Pensada para os mais novos e na que disfrutarán dun xeito lúdico de coñecer o Museo. Este ano, ampliamos o xogo de descubrimento con novos quebracabezas cuxas pezas atoparemos ao longo da visita.

Datas: durante todo o ano.

Duración: 60 minutos.

Dirixido a: grupos de E. Infantil previa solicitude.



XORNADAS PARA A COMUNICACIÓN

No mes de marzo presentárase unha nova xornada na que se tratarán temas referidos ás prácticas artísticas etnográficas. A súa data, horario e poñente serán convenientemente difundidas a través da prensa e da nosa páxina web.



OUTRAS NOVAS

“APEIRARTE” : LICENZA PARA CREAR

O vindeiro día 15 de xaneiro, publicaremos na nosa páxina web a convocatoria de participación nun novo proxecto expositivo “Apeirarte: licenza para crear”. O prazo de inscrición para participar abrirase o vindeiro 15 de xaneiro. Velaí un adianto da proposta:

Nesta nova exposición unha morea de aveños : *picos, palas, aixadas, rodos, angazos...* fundamentalmente de labranza, que reflicten o traballo preto do home, van adquirir unha nova referencia estética; unha dimensión e dialéctica entre o tempo do pasado e o presente.

O proxecto contempla, non unha transformación co fin de convertelo noutra peza a modo de reciclado, senón “intervir” de xeito que soamente poida ser percibida a súa dimensión estética....que cada un deberá descubrir.

O Museo facilitará unha serie de aveños de labranza para os que proñoer novas percepcións.

Os encargados da “transformación” procederán de diferentes ámbitos: artistas e artesáns de recoñecido prestixio; alumnos/as da Facultade de Belas Artes; inscritos a través de convocatoria.



CONVOCATORIA V CONCURSO FOTOGRÁFICO

A convocatoria rexerá a realización deste concurso que, por quinto ano consecutivo, promove o Museo Liste co gallo da celebración do Día Internacional dos Museos. O tema proposto para este ano é “**Símbolos da industria de Vigo**”.

CONVOCATORIA VI CONCURSO DE RELATOS PARA NENOS E NENAS

Promovido polo Museo Liste de Vigo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. Este ano o tema proposto será: “**Contos do mar**”.

As bases íntegras destas tres convocatorias serán publicadada na nosa páxina web (www.museoliste.org) a partir do 15 de xaneiro.



Unha das fotografías gañadoras da anterior convocatoria.
Autor: Pedro Manuel Gonçalves Marques.

C.A.T

CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL

CURSOS

CICLO CESTOS DO MAR I: A NASA POLBEIRA.

Acción formativa na que os alumnos/as se iniciarán na cestería a través da elaboración de elementos para a pesca, concretamente da nasa polbeira realizada en vimbio.

O curso constará dunha introdución teórica e clases prácticas.

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT)

Dirixido a: público en xeral.

Duración: 12 horas.

Datas e horarios: mércores do mes de febreiro (días 7, 14, 21 e 28) de 17:00 a 20:00 h.

Nº de prazas: 10 persoas.

Prezo: 10 € persoa (inclúe material).

Docente: Rubén Berto Cobelo.



CICLO CESTOS DO MAR II: A PATELA TRAIÑA

Iniciación á cestería de madeira rachada coa elaboración da emblemática patela.

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT)

Dirixido a: público en xeral.

Duración: 12 horas.

Datas e horarios: mércores do mes de marzo (7, 14, 21 e 28) de 17:00 a 20:00 h.

Nº de prazas: 10 persoas.

Prezo: 10 € persoa (inclúe material).

Docente: Rubén Berto Cobelo.

A incrición para estes dous cursos estará aberta do 5 ao 20 de xaneiro.

Asímesmo será publicada na paxina web do Museo a descrición pormenorizada dos cursos.



INFORMACIÓN XERAL

HORARIO MUSEO LISTE VIGO

DE MARTES A SÁBADO : de 10:00 h. a 14:00 h

MÉRCORES: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.

PREZOS DE ENTRADA AO MUSEO LISTE

Xeral: 2 €

Reducido: 1€ menores de 12 anos, 3ª idade, parados, estudantes e integrantes de grupos de máis de 10 persoas.

Gratuíto: menores de 6 anos; Centros de Ensino (do Concello de Vigo) e Asociacións da 3ª Idade (do Concello de Vigo); exposicións temporais e actividades que así o indiquen.

CONTACTO

Tfno. 986-244698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

recepcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org

www.museoliste.org